



FORMULARIO DE IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS XUDICIAIS

1. ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1. Serie

Denominación autorizada	Código
Expedientes de xuízos de faltas.	0001

Outras denominacións
Xuízos de faltas.
Xuízos verbais de faltas.

Data inicial da serie 1835

Data final da serie 2015

Pode conter pezas de convicción?	Si ☒	Non ☐
----------------------------------	--	------------------------------

1.2. Produtor(es) e datas de produción da serie

Produtor(es)	Data inicial	Data final
Xuíz de paz/Alcalde (Tenente de alcalde)	1835	1855
Xulgado de 1ª instancia	1835	1870
Xulgados de paz	1855	1870
Xulgados municipais	1870	1977
Xulgados de paz	1944	2015
Xulgados comarcais	1944	1977
Xulgados de distrito	1977	1989
Xulgados de 1ª instancia e instrución	1989	2015
Xulgados de instrución	1989	2015
Xulgados de violencia sobre a muller	2004	2015



2. ÁREA DE ANÁLISE: CONTEXTUAL, FUNCIONAL, SECUENCIAL E DE ORGANIZACIÓN DOCUMENTAL

2.1. Función/Actividade

Descrición

Procedemento simple para axuizar as infraccións penais leves castigadas como faltas.

Das faltas nace unha acción penal para castigar o culpable, pero pode nacer tamén unha acción civil para a restitución da cousa, a reparación do dano e a indemnización dos danos causados.

Historia



2.2. Marco legal e normativo da serie

Título

Real orde do 17 de marzo de 1835 sobre competencias dos alcaldes (*Gaceta de Madrid* núm. 79, do 20 de marzo).

Real decreto do 23 de xullo de 1835 sobre o arranxo provisional dos concellos do reino (*Gaceta de Madrid*, núm. 210 do 28 de xullo).

Real decreto do 26 de setembro de 1835 polo que se promulga o Regulamento provisional para a Administración de xustiza en relación coa real xurisdición ordinaria (*Gaceta de Madrid* núm. 282, do 4 de outubro).

Regulamento do 1 de maio de 1844 dos xulgados de primeira instancia (*Gaceta de Madrid* núm. 3519, do 3 de maio).

Real decreto do 22 de outubro de 1855 sobre separación do alcalde do xuíz de paz (*Gaceta de Madrid* núm. 1034, do 3 de novembro).

Orde do 12 de novembro de 1855 de atribución de competencias en xuízos de faltas aos xuíces de paz (*Gaceta de Madrid* núm. 1044, do 13 de novembro).

Lei provisional autorizando a proposta do Código penal reformado adxunto do 17 de xuño de 1870 (*Gaceta de Madrid* núm. 243, do 31 de agosto de 1870).

Lei provisional sobre a organización do poder xudicial de 1870 (*Gaceta de Madrid* do 15 de setembro de 1870).

Real decreto polo que se aproba o proxecto de reforma da Lei de axuizamento civil (*Gaceta de Madrid* núm. 36, do 5 de febreiro de 1881).

Real decreto do 14 de setembro de 1882 polo que se aproba a Lei de axuizamento criminal (*Gaceta de Madrid* núm. 260, do 17 de setembro de 1882).

Lei adicional á orgánica do poder xudicial de 1882 (*Gaceta de Madrid* núm. 288, do 15 de outubro).

Lei pola que se reorganiza a Administración de xustiza nos xulgados municipais (*Gaceta de Madrid* núm. 219, do 7 de agosto).

Real decreto do 8 de setembro de 1928 polo que se aproba o Código penal (*Gaceta de Madrid* núm. 257, do 13 de setembro).

Lei do 27 de outubro de 1932 de reforma do Código penal (*Gaceta de Madrid* núm. 310, do 5 de novembro).



Lei do 19 de xullo de 1944, de bases para a reforma da xustiza municipal (BOE núm. 203, do 21 de xullo).

Decreto do 24 de xaneiro de 1947, sobre competencias da xustiza municipal, polo que se desenvolve a base 9ª da Lei do 19 de xullo de 1944 (*Gaceta de Madrid* núm. 43, do 12 de febreiro).

Decreto do 21 de novembro de 1952 polo que se reforma o Decreto do 24 de xaneiro de 1947 sobre competencia da xustiza municipal (*Gaceta de Madrid* núm. 337, do 2 de decembro).

Decreto do 21 de novembro de 1952 polo que se desenvolve a base décima da Lei do 19 de xullo de 1944 sobre normas procesuais da xustiza municipal (*Gaceta de Madrid* núm. 337, do 2 de decembro).

Lei 3/1967, do 8 de abril, sobre modificación de determinados artigos do Código penal e da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 86, do 11 de abril).

Decreto 3096/1973, do 14 de setembro, polo que se publica o Código penal, texto refundido conforme a Lei 44/1971 (BOE núm. 297, do 12 de decembro).

Decreto lei 8/1974, do 21 de decembro, polo que se modifica o artigo 14, apartado terceiro, da Lei de axuízamento criminal, para poñelo en relación coa elevación de multas efectuada no Código penal pola Lei 39/1974, do 28 de novembro (BOE núm. 306, do 23 de decembro).

Lei 39/1974, do 28 de novembro, sobre modificación de determinados artigos do Código penal (BOE núm. 287, do 30 de novembro).

Real decreto polo que se aproba o texto articulado parcial da Lei de bases 42/1974, do 28 de novembro, orgánica da xustiza, en virtude da autorización contida no Real decreto lei 24/1976, do 26 de novembro (BOE núm. 193, do 13 de agosto).

Lei 20/1978, do 8 de maio, sobre modificación de determinados artigos do Código penal e da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 110, do 9 de maio de 1978).

Lei 28/1978, do 28 de maio, sobre modificación dos artigos 748 e 850 da Lei de axuízamento criminal (BOE núm. 128, do 30 de maio de 1978).

Lei 53/1978, do 4 de decembro, pola que se modifican os artigos 23, 37, 53, 118, 302, 311, 333, 520 e 522 da Lei de axuízamento criminal e se derroga o artigo 316 da mesma (BOE núm. 293, do 8 de decembro de 1978).

Lei orgánica 4/1980, do 21 de maio, da reforma do Código penal en materia de delitos relativos ás liberdades de expresión, reunión e asociación (BOE núm. 142, do 13 de xuño de 1980).



Lei orgánica 10/1980, do 11 de novembro, de axuizamento oral de delitos dolosos, menos graves e flagrantes (BOE núm. 280, do 21 de novembro de 1980).

Lei orgánica 8/1983, do 25 de xuño, de reforma urxente e parcial do Código penal (BOE núm. 280, do 21 de novembro de 1980).

Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 157, do 2 de xullo).

Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade (BOE núm. 63, do 14 de marzo).

Lei orgánica 7/1988, do 28 de decembro, dos xulgados do penal, e pola que se modifican diversos preceptos das leis orgánicas do poder xudicial e de axuizamento criminal (BOE núm. 313, do 30 de decembro).

Lei orgánica 3/1989, do 21 de xuño, de actualización do Código penal (BOE núm. 148, do 22 de xuño).

Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria (BOE núm. 63, do 14 de marzo).

Lei 10/1992, do 30 de abril, de medidas urxentes de reforma procesual (BOE núm. 108, do 5 de maio).

Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (BOE núm. 281, do 24 de novembro).

Real decreto 690/1996, do 26 de abril, polo que se establecen as circunstancias de execución das penas de traballo en beneficio da comunidade e arresto de fin de semana (BOE núm. 120, do 17 de maio).

Lei orgánica 2/1998, do 15 de xuño, pola que se modifica o Código penal e a Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 143, do 16 de xuño).

Lei 36/1998, do 10 de novembro, de modificación do artigo 14, apartados primeiro e terceiro, da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 270, do 11 de novembro).

Lei orgánica 11/1999, do 30 de abril, de modificación do título VIII do libro II do Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro (BOE núm. 104, do 1 de maio).

Lei orgánica 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código penal de 1995, en materia de protección ás vítimas de malos tratos e da Lei de axuizamento criminal (BOE núm. 138, do 10 de xuño).



Lei 38/2002, do 24 de novembro, de reforma parcial da Lei de axuizamento criminal, sobre procedemento para o axuizamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas, e de modificación do procedemento abreviado (BOE núm. 258, do 8 de outubro).

Lei orgánica 5/2010, do 22 de xuño, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (BOE núm. 152, do 23 de xuño).

Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (BOE núm. 77, do 31 de marzo).

Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 174, do 22 de xullo).

Adicionalmente aplícase a Lei de axuizamento civil.

2.3. Tramitación/Materia do test de compatibilidade

Código tipo tramitación	Nome do tipo de tramitación/procedemento
-------------------------	--

FAL	Xuízo de faltas.
-----	------------------

Código materia	Materia
----------------	---------

250	Faltas contra as persoas.
25001	Falta de lesións.
25002	Falta de maltrato.
25003	Falta de denegación de auxilio a menor ou incapaz.
25004	Falta de incumprimento de obrigas familiares.
25005	Falta de denegación de auxilio a ancián ou desvalido.
25006	Falta de ameazas.
25007	Falta de coaccións.
25008	Falta de injurias ou vexacións.
25009	Falta de violencia no ámbito familiar. Ameazas.
25010	Falta de violencia no ámbito familiar. Coaccións.
25011	Violencia no ámbito familiar. Injurias ou vexacións.
25012	Falta de lesións imprudentes.
25013	Falta de homicidio imprudente.
25014	Falta de infracción do réxime de custodia.
251	Faltas contra o patrimonio.



25101	Falta de furto.
25102	Falta de subtracción do lexítimo posuidor polo dono.
25103	Falta de furto de uso.
25104	Falta de roubo de uso.
25105	Falta de estafa, apropiación indebida e outras defraudacións.
25106	Falta de usurpación.
25107	Falta de danos.
25108	Falta de danos históricos.
25109	Falta de deslucimento.
25110	Falta de defraudación á Facenda da Comunidade Europea.
25111	Falta de defraudación aos orzamentos xerais da Comunidade Europea.
252	Faltas contra os intereses xerais.
25201	Falta de expensión de moeda falsa.
25202	Falta de abandono de xiringa ou outros instrumentos perigosos.
25203	Falta de descoido na custodia de animais feroces ou daniños.
25204	Falta de abandono de animais domésticos.
25205	Falta contra o medio ambiente.
25206	Falta de maltrato a animais.
253	Faltas contra a orde pública.
25301	Falta de perturbación da orde pública.
25302	Falta de desobediencia a autoridade ou axentes.
25303	Falta de alleamento local.
25304	Falta de realización de actividades sen seguro obrigatorio.
25305	Falta de uso indebido de uniforme.
25306	Falta de atribución indebida da calidade de profesional.
254	Faltas sen especificar.

2.4. Esquema de tramitación

O procedemento pódese iniciar de oficio, por denuncia ou por querela.

Para determinar a infracción ábreanse dilixencias previas, nas que se lles toma declaración ás partes e se dá coñecemento ao fiscal.

Unha vez determinada a infracción como falta, rexístrase no libro correspondente e acórdase a celebración da vista. Tras se celebrar esta, dítase a sentenza, que deberá ser notificada ás partes, ao Ministerio Fiscal e aos prexudicados, aínda que non se constituísen como parte no procedemento.



Transcorrido o prazo para a apelación contra a sentenza sen que esta se producise, declárase firme e procédese á súa execución.

No caso de que se recorra contra a sentenza, remítense os autos ao tribunal correspondente para que se pronuncie. Unha vez que este dite a sentenza, que xa non pode ser recorrida, devólvense os autos ao xulgado de orixe para a súa execución.

Executada a sentenza, arquivanse os autos.

2.5. Documentos básicos que compoñen o expediente

Documentos	Tradición documental	Soporte físico	Circuíto documental
FASE			
Denuncia, querela, informes facultativo ou atestado policial	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto do xuíz polo que se incoan dilixencias previas	Orixinal	Papel	
FASE			
Citacións, notificacións e requirimentos	Orixinal	Papel	
FASE			
Declaración das partes	Orixinal	Papel	
FASE			
Informes médico-forenses	Orixinal	Papel	
FASE			
Informes periciais	Orixinal	Papel	
FASE			
Probas documentais achegadas polas partes	Orixinal	Papel	
FASE			
Visto do fiscal	Orixinal	Papel	
FASE			
Providencia do xuíz pola que se ordena o rexistro no libro correspondente	Orixinal	Papel	
FASE			
Providencia do xuíz pola que	Orixinal	Papel	



se fixa a data do xuízo			
FASE			
Poder de representación (no caso que se actúe con avogado)	Orixinal	Papel	
FASE			
Providencia do xuíz pola que se acepta a representación	Orixinal	Papel	
FASE			
Acta do xuízo	Orixinal	Papel	
FASE			
Testemuño da sentenza	Orixinal	Papel	
FASE			
Sentenza orixinal (ata 1986)	Orixinal	Papel	
FASE			
Notificación da sentenza	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de arquivamento provisional	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de sobresemento	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de renuncia	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de prescripción	Orixinal	Papel	
FASE			
Recursos	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de firmeza que determina a incoación da executoria	Orixinal	Papel	
FASE			
Dilixencias polas que se acorda o cumprimento da condena	Orixinal	Papel	



FASE			
Auto de insolvencia	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de arquivamento provisional	Orixinal	Papel	
FASE			
Auto de arquivamento definitivo	Orixinal	Papel	

2.6. Relación con outra documentación

Denominación autorizada	Produtor	Tipo de relación ¹	Código ficha
Executorias	- Xulgados de paz - Xulgados de 1ª instancia - Xulgados municipais e comarcais - Xulgados de distrito - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Xulgados de violencia sobre a muller	Serie complementaria	
Informes policiais	- Comisaría provincial - Comisaría de distrito - Comisaría locais	Serie complementaria	
Informes médico-forenses	- Imelga	Serie complementaria	
Expedientes de recursos de	- Xulgados de 1ª	Serie	

¹ Series antecedentes / Series sucesoras / Series recapitulativas / Series complementarias.



apelación en xuízos de faltas	instancia - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Audiencia provincial	relacionada	
Expedientes de recursos de queixa	- Xulgados de paz - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Xulgados de violencia sobre a muller - Audiencia provincial	Serie complementaria	
Expedientes de recursos de reforma	- Xulgados de paz - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Xulgados de violencia sobre a muller - Audiencia provincial	Serie complementaria	
Libro de rexistro de xuízos de faltas	- Xulgados de paz - Xulgados municipais e comarcais - Xulgados de distrito - Xulgados de 1ª instancia - Xulgados de 1ª instancia e instrución	Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de executorias de xuízos de faltas		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de sentenzas penais		Serie recapitulativa	
Sentenzas		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de autos penais		Serie recapitulativa	



Libro de rexistro de asuntos penais	- Xulgados de instrución - Xulgados de violencia sobre a muller	Serie recapitulativa	
Libro de rexistro xeral de asuntos criminais		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de penados		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de procesados e rebeldes		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de exhortos		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de apelacións en xuízos de faltas	- Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Audiencia provincial	Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de dilixencias previas	- Xulgados de paz - Xulgados municipais e comarcais - Xulgados de distrito - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de violencia sobre a muller	Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de dilixencias indeterminadas		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de dilixencias preparatorias		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de pezas de convicción		Serie recapitulativa	
Libro de rexistro de recursos de queixa	- Xulgados de paz - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Xulgados de violencia sobre a muller - Audiencia provincial	Serie complementaria	



Libro de rexistro de recursos de reforma	- Xulgados de paz - Xulgados de 1ª instancia e instrución - Xulgados de instrución - Xulgados de violencia sobre a muller - Audiencia provincial	Serie complementaria	
--	--	----------------------	--

2.7. Ordenación da serie:

Cronolóxico-numérica (rexistro)	X
Numérica	
Cronolóxica	
Alfabética por onomástica	
Alfabética por materias	
Alfabética por xeografía	



3. ÁREA DE VALORACIÓN DOCUMENTAL

3.1. Valores primarios

	Prazo	Xustificación/Lexislación
Administrativo/ Xestión/ Xudicial	1 ano	O valor administrativo dos procedementos con sentenza firme ou con calquera outra resolución que lles poña fin remata cando se dita a resolución; polo tanto, o seu valor administrativo poderá establecerse nun ano.
Legal ou xurídico	Non ten	O recurso carece de valor unha vez que a sentenza é firme, dado que é esta a que ten valor xurídico. A sentenza consérvase no correspondente libro de sentenzas (isto é así a partir do ano 1985, xa que antes non era obrigatoria a súa inclusión no libro de sentenzas -artigo 265 da LOPX-); nos autos queda un testemuño.
Fiscal	15 anos	Cando se dita unha sentenza penal condenatoria sen pronunciamento sobre a responsabilidade civil, esta prescribe aos 15 anos.

3.2. Valores secundarios

	Escaso	Substancial	Xustificación/Lexislación
Informativo	X		Baixo, porque o feito de que sexan delitos frecuentes fai que a súa uniformidade permita que cos datos conservados nos documentos recompilatorios e coas mostras que se seleccionen se obteña a información suficiente para calquera estudo.
Histórico	X		

3.3. Series vitais/esenciais

Serie esencial

☐

Xustificación



4. ÁREA DE ACCESO

4.1. Condicións xerais de acceso a serie documental

Libre	
Libre con restricións	
Restringido	X

Prazos de acceso e derogación de reserva

25 anos dende a súa morte ou 50 dende a data do documento.

Recursos fronte a resolucións denegatorias de acceso

4.2. Marco legal do réxime de acceso

A) Xeral

Título	Artigos
Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal	10 e 11
Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español	57
Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia	23

B) Específico

Título	Artigos
Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial	234 e 235
Real decreto 937/2003, do 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais	7 e 12
Acordo do 15 de setembro de 2005, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais	2 ao 7
Real decreto 1608/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento orgánico do corpo de secretarios	5 e 11



xudiciais	
-----------	--

4.3. Contidos susceptibles de protección

Contidos afectados		Referencia normativa
Datos cuxa divulgación pode afectar a intereses públicos (PU)		
Datos cuxa divulgación pode afectar a intereses privados (PR)		
Datos de carácter persoal (DP)		

4.4. Medidas para favorecer o acceso a expedientes de acceso restrinxido

Enmascaramento de datos	X
Despersonalización ou anonimización	X
Exclusión de documentos para acceso parcial	



5. ÁREA DE SELECCIÓN

5.1. Proposta de selección

Conservación	
--------------	--

Eliminación	X
-------------	---

Total	
Parcial	

Total	
Parcial	X

Xustificación da(s) proposta(s)

Unha vez analizada a fracción de serie, considérase procedente a súa ELIMINACIÓN PARCIAL, polo seu escaso valor informativo-histórico. O valor xurídico desta serie, tras a firmeza da sentenza, non vai máis alá dun ano, e a partir de mediados de 1985 no expediente soamente se conserva copia da sentenza, por se atopar o orixinal nos libros de sentenza. As accións civís que poidan derivar, nos casos en que a sentenza condenatoria non se pronuncie ao respecto, prescriben aos 15 anos.

Conservación parcial. Tipos de documentos a conservar ou eliminar:

Descrición	Conservar (C) ou Eliminar (E)
------------	-------------------------------

Eliminación parcial: tipo(s) de mostraxe propostos(s) (se é o caso)

Os expedientes anteriores ao ano 1946 conservaranse na súa integridade. Dos expedientes posteriores a 1945 e anteriores a 1985 que conteñan a sentenza orixinal, esta retirárase para a súa conservación permanente. Dos documentos a eliminar realizarase unha mostraxe, consistente na conservación dos expedientes incoados **nos anos rematados en 5**. Naqueles partidos xudiciais nos que houberse máis dun xulgado que tramitase estes procedementos, a mostraxe aplicarase de forma rotativa aos expedientes dos distintos órganos xudiciais. É dicir, de cada xulgado do mesmo partido xudicial conservaranse os expedientes dun ano distinto, por exemplo, nun partido xudicial no que existan 2 xulgados de instrución, conservaranse do número 1 o ano 1995 e do número 2 o ano 2005.

**Lugar e prazos de eliminación (se é o caso)**

Tipo de arquivo	Prazo
Arquivo territorial	5 anos dende a data de finalización dos procedementos rematados con resolución de auto de arquivamento, sobresemento provisional, prescrición da pena, sentenza absolutoria, sentenza condenatoria sen responsabilidade civil e sentenza condenatoria con responsabilidade civil executada. 15 anos dende a data de resolución de arquivamento provisional para os procedementos rematados con sentenza condenatoria con responsabilidade civil.

5.2. Eliminación de exemplares duplicados

Descrición	Prazo

5.3. Metadatos residuais a conservar en caso de eliminación

Elemento	Código

5.4. Prazos de transferencias

	Prazos	Xustificación
Arquivo de xestión		
Arquivo territorial	Ao ano de firmeza da sentenza.	
Arquivo histórico	Finalizada a expurgación	Finalizado o proceso de expurgación, transferiranse os expedientes resultantes da mostraxe.

6. OBSERVACIÓNS

**7. ÁREA DE CONTROL**

Código da ficha	0001
Responsables do estudo de identificación e valoración	Dolores Lestón Suárez María José Liñares Noya Antonio López Bodaño Alba Pérez Fernández Olga Castañeda Rodríguez Rodrigo Silva Poceiro
Arquivo(s) onde se levou a cabo o traballo de campo	Arquivos territoriais xudiciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
Datas extremas do período estudado	1835/2015
Data de realización	30/10/2015

Control de versións

Versión	Data	Descrición do cambio
01	30/10/2015	Versión inicial
02	11/02/2016	Segunda versión